


Tema 5.- AS ACTIVIDADES DO SECTOR SECUNDARIO




A.- Sector secundario: definición e actividades

A.1.- Define o concepto de *Sector secundario*.

A.2.- Que é a *industria*? Que necesita para levar a cabo a súa actividade?

A.3.- Cales son as **outras actividades** que forman parte do sector secundario? Comenta a que se adican en cada caso e que necesitan para a súa actividade.
(Podes contestar facendo un cadro ou esquema)



Industria metalúrxica



Industria alimentaria



Industria téxtil





Galería de mina subterránea



Plataforma petrolífera e refinaría de petróleo



Mina a ceo aberto






Parque eólico



Central nuclear



Central solar

Central térmica



Construcción de infraestructuras




Construcción de edificios




Construcción naval



A.4.- Copia e completa o seguinte gráfico para representar a actividade industrial.



O PROCESO INDUSTRIAL



B.- As materias primas

B.1.- Que son as *materias primas*? Que orixe poden ter?

B.2.- Fai un esquema clasificando as materias primas.

B.3.- En que tipo de países se concentra a produción e o consumo de materias primas? Que consecuencia se deriva do anterior?



- As **materias primas** son os recursos naturais que transforma a industria para a obtención de produtos elaborados ou semielaborados. Poden ser de diferente orixe:

- *Biolóxica* ou orgánica: proveñen dos seres vivos, é dicir, dos vexetais e dos animais.

- *Xeolóxica* ou mineral: proceden da codia terrestre, da que se poden obter minerais, rochas ou produtos enerxéticos (combustibles fósiles).



ORIXE BIOLÓXICO
Seres vivos

MATERIAS PRIMAS

ORIXE XEOLÓXICA
Codia terrestre

Mat. primas vexetais



Agricultura:

- Remolacha azucareira
- Algodón, liño...

Explotación forestal:

- Madeira
- Caucho
- Cortiza...

Mat. primas animais



Gandería:

- Peles
- La
- Seda ...

Pesca:

- Peixe para conservas
- Aceites
- Fariñas...

Minerais

Metálicos:

- Ferro, chumbo, cobre
- Aluminio, cinc...

Metais preciosos:

- Ouro
- Prata, platino...

Non metálicos:

- Vidro
- Xemas
- Outros: fosfato, xofre potasio, sal...

Rochas

- Granito
- Arxila
- Mármore
- Calcaria...

Combustibles fósiles

- Carbón
- Petróleo
- Gas natural...



● A **producción de materias primas** concéntrase nos países de América Latina, África, Oriente Próximo e SE de Asia, que son os grandes *exportadores* mundiais, xa que carecen da tecnoloxía e das industrias necesarias para transformalos. O **consumo**, en cambio, céntrase nos países desenvolvidos, sobre todo en Europa occidental, Xapón e USA, que os *importan* en grandes cantidades para a súa industria.

Esa disparidade entre os lugares de produción e de consumo fai que o **comercio de materias primas** sexa moi intenso, “pero non xusto”, xa que os países produtores venden a baixo prezo os seus recursos, pero se ven obrigados a comprar a prezo máis alto os produtos elaborados que necesitan e eles non poden producir, polo que a súa débeda externa é moi alta.

